

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de maio de 2024**

Ás 18.45 horas do día 23 de maio de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 17 DE ABRIL DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de abril de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 17 de abril de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MODIFICACIÓN DA MODALIDADE DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE OURENSE AO CONVENIO MARCO ASINADO ENTRE A
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A SOCIEDADE ECOLÓXICA PARA
A RECICLAXE DOS ENVASES DE VIDRO (ECOVIDRIO).-**

O **Sr. secretario** explica o contido da proposta.

D. Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, pide que se sexa vixiante con que estes cambios non supoñan unha perda de calidade do servizo e pregunta se vai a supor unha nova dotación de contedores destinados a vidro.

O **Sr. secretario** explica que se trata de que agora sexa a propia sociedade Ecovidrio a que realice a recollida cos seus propios medios materiais e humanos.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación da modalidade de adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio Marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Sociedade Ecolóxica para a Reciclaxe dos Envases de Vidro (ECOVIDRIO) que ten por obxecto regular os dereitos e obrigas da Comunidade Autónoma, de ECOVIDRIO e dos entes locais en relación co funcionamento do Sistema Integrado de Xestión de residuos de envases e envases usados de vidro que xestiona ECOVIDRIO na Comunidade Autónoma de Galicia.

A modalidade de adhesión elixida será:

ECOVIDRIO RECOLLE: A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE encomenda formalmente a ECOVIDRIO os servizos de xestión de recollida selectiva de residuos de envases e envases usados de vidro no seu municipio.

2º.- Autorizar ao presidente para a sinatura do anexo do convenio, e para a realización de cantos trámites sexan necesarios para a súa execución.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 18.51 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.